

14.11.2010

Ler texto en castelán 

Día da Igrexa Diocesana



O día **14 de novembro** celebramos o “Día da Igrexa Diocesana”, a festa da nosa familia. Desta familia que formamos todos: O Bispo, sacerdotes, Religiosos-as, e laicos, é dicir, todos aqueles que temos fe en Xesucristo e na súa igrexa.

O Señor deixounos unha fermosa tarefa: ser signo da súa presenza entre os homes. Deus non nos abandonou á nosa debilidade, permanece entre nós e quere que fagamos realidade o lema da presente campaña: **A IGREXA, COMUNIDADE DE FE, ESPERANZA E CARIDADE**. As tres virtudes teoloxais fundamentais da nosa vida cristiá:

- A Fe, don gratuito de Deus, que ilumina e dá sentido a nosa vida.
- A Esperanza que nos alenta nas nosas dúbidas e contrariedades e
- O Amor, sinal e distintivo da nosa identidade.

Nesta xornada todos estamos convocados a orar intensamente pola nosa Diocese. A vivir con paixón nosas respectivas vocacións. A buscar con todas as nosas forzas a santidad. E a ser fieis a Xesucristo

Habemos de fomentar tamén compromisos de corresponsabilidade e implicación de todos no Plan Pastoral e nas nosas comunidades parroquiais.

Coa celebración deste Día da Igrexa Diocesana, habemos de espertar a conciencia dos católicos e provocar neles unha chamada á responsabilidade para que, en coherencia coa súa fe de crentes en Xesucristo e segundo as súas posibilidades, comprométanse máis seriamente na vida e na misión da Igrexa, tanto coa súa declaración persoal como coa súa achega económica para o sostemento das obras apostólicas e sociais da Igrexa, que en definitiva son obras de todos e para todos. é necesario que a Igrexa dispoña dos medios necesarios para que quen acoden a ela poidan atopar unha resposta adecuada. Todos somos necesarios.

Que Santiago Apóstolo, o Pai noso na fe, aumente a nosa esperanza e fortaleza o noso amor. ¡Feliz día da Igrexa diocesana!. ¡Feliz día da familia!

Co meu saúdo agradecido recibide o meu afecto e bendición.

Luís Quinteiro Fiuzza

Bispo de Tui-Vigo